



## Un Nadal cheo de agasallos en Oroso

O "Nadal Oroso" chega este ano cheo de actividades que xa se iniciaron estes días co Concurso de Postais de Nadal con Mensaxe, dirixido a maiores de 4 anos que deberán entregar as súas propostas na biblioteca antes do 15 de decembro. Polo demais, o "Nadal Oroso" inclúe, co centro cultural como epicentro de actividades:

- **Exposición Homenaxe a Maruxa Mallo**, 11 ao 30 de decembro.
- **Belén vivente** da gardería da Ulloa. Venres 15, ás 18:00 h.
- **Festival do CRA**, xoves 21, en horario de mañá.
- **Visitas dos paxes reais** a recoller as cartas dos nenos/as das garderías Trastes, A Ulloa e Chousa Nova, así como e do alumnado do CRA e do Fogar Residencial Porto Avieira. Xoves 21 pola mañá.
- **Christmas Camp 2017**. 9 días: 22, 26, 27, 28, 29 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro no CEIP Camiño Inglés. Dirixido a nenos/as escolarizados/as.
- **Concerto de Nadal** da ESMU José Vereá. Venres 22, ás 19:00 h.
- **Mercado de Artesanía** de Nadal. Venres 22, nas rúas Xuncal e Río



Lengüelle, de 11:00 a 20:00 h. Obradoiro de Nadal para os máis cativos. Se mercas nos comercios asociados a Sigüeiro vende ou nos postos de artesanía consigues un vale para un chocolate.

- **Excursión** Patinaxe sobre xeo e birlos. Martes 26, inclúe xantar. A partir de 11 anos. Inscricións no centro cultural.
- **Obradoiro de decoración de Nadal**. Martes 26, ás 17:00 h. Maiores de 5 anos. Inscricións ata o día 20.

- **Monicreques Trompica-Ilo**: Violeta Coletas e as Salchichas Glub!". Mércores 27, ás 18.30 h.
- **O Retrete de Dorian Grey** con "Rúa Aire". Xoves 28, ás 18:30 h. Maiores de 5 anos.
- **Nadal sobre Rodas en Familia**. Días: 26, 27, 28, 29, de 10 a 14:00 h. Dirixida polo Club Patín Oroso en colaboración do Concello para conciliar a vida laboral e familiar.
- **II Campus de Nadal** Escola Deportiva Xuventude de Oroso. Do 26 de decembro ao 5 de xaneiro, de 10 a 14:00 h. Campo de fútbol municipal de Sigüeiro. Programa de conciliación laboral e familiar.
- **Concerto de Panxoliñas**. Venres 29, ás 20:00 h no centro cultural.
- **Maxia**. Dani Polo co espectáculo I+D+d (Ilusión máis diversión máis imaginación). Mércores 3, ás 18:00 h.
- **Gran Cabalgata de Reis**. 5 de xaneiro, ás 18:00h saída do CEIP Camiño Inglés e percorrido polas rúas de Sigüeiro. Recepción na Casa do Concello ás 18:15 h. Chegada ao pavillón de deportes ás 19:00 h, con caramelos e inchables para todos/as. As persoas que desexen colaborar é necesario que acudan ao centro cultural para inscribirse.





## Concello e Deputación investirán 500.000 € no campo de fútbol da Penela

O concelleiro de Deportes, Luís Rey Villaverde, celebra o anuncio de que a Deputación vén de aprobar o convenio de colaboración co Concello de Oroso para financiar as obras de mellora do campo de fútbol de A Penela. Un proxecto que conta cun orzamento de 502.533 euros cos que "poremos en valor unha instalación que actualmente está sen utilizar, ao tempo que lle atopamos unha saída á masificación do campo Lino Balado e damos resposta ás necesidades tanto das nosas escolas deportivas como doutros equipos do concello", apunta Luís Rey. As obras inclúen a instalación de herba artificial de última xeración en toda a superficie de xogo e a colocación dunha nova rede de drenaxe e un sistema de rego automático. Ademais, instalaranse 20 proxectores LED que permitirán dotar de iluminación á instalación e novo equipamento deportivo (porterías, banderíns e banquetes). Tamén se construírán dous vestiarios para o equipo local e o visitante, ambos accesibles e dotados dunha cabina de ducha adaptada, un vestiario para árbitros, unha zona de cafetería con aseos e dous almacéns, con caldeira de biomasa para a auga quente.



A Penela terá novos vestiarios, alumeado e herba artificial

## O Concello de Oroso dota de calefacción aos locais sociais de todas as parroquias



O Concello de Oroso vén de investir un total de 10.289 euros na instalación de calefacción en seis locais sociais do municipio: Cardama, Gándara, Marzoa, Oroso, Pasarelos e Senra; cumprindo deste xeito o seu compromiso de levar a calefacción aos locais sociais de todas as parroquias do municipio. Os equipos instalados son unhas estufas de pellets moi seguras e doadas de manexar, polo que permitirán optimizar a utilización destes seis locais sociais pola veciñanza e favorecerán a celebración neles de máis actividades culturais, formativas e de ocio, sobre todo durante a época invernal.

**XORNADAS GRATUÍTAS CREACIÓN DE EMPREGO**

- 22 Nov 17 - Creación de ideas de negocio viables
- 23 Nov 17 - Desenvolvemento de prototipos de negocio
- 27 Nov 17 - Planificación de accións e plans comerciais
- 29 Nov 17 - Plan de marketing para o inicio do negocio
- 04 Dec 17 - A proba de produto/servizo, introdución do product test
- 11 Dec 17 - A proba de produto/servizo, introdución do market test
- 13 Dec 17 - Idea de empresa/formas jurídicas e plan de condicións
- 18 Dec 17 - Elaboración do plan de empresa

**FORMACIÓN GRATUITA PARA TODO O MUNDO**

**APÚNTATE** Aula CeMIT Sigüeiro - Oroso  
<https://cemit.xunta.gal/es/centro/33>  
 cemit.oros@xunta.es  
 Tel.: 981688930

**V Festa do Tenis de Mesa de Oroso**

06 de Decembro 2017  
 Complexo Deportivo Juanito Amigo Sigüeiro

**Afeccionados e federados**

**Pásate e disfruta!!**

Inscripcións: antes do xoves 20 de Novembro as 21:00 en  
 - Malleras Deportivo de 19:00 a 21:00 (sáb + venres)  
 - espedregadate@gmail.com  
 - 982783115 / 981449555

Mais información en: [espedregadate@gmail.com](mailto:espedregadate@gmail.com)

**NOMINASOL**

FORMACIÓN GLOBAL PARA A XESTIÓN DE NÓMINAS E SEGUROS SOCIAIS DESDE UNHA APLICACIÓN INFORMÁTICA SINXELA

**FORMACIÓN GRATUITA**

Días 12, 14, 19 e 21 de decembro 2017 de 10:00 a 14:00 horas

- CREACIÓN DE CONVENIOS
- CREACIÓN DE CATEGORÍAS
- CONFIGURACIÓN EMPRESA
- ALTA DE TRABALLADORES
- CALCULO DE NÓMINAS E SEGUROS SOCIAIS

**OROSO** coa formación

cemit.oros@xunta.es - Tel: 981688930  
<https://cemit.xunta.gal/es/centro/33>





## Augas de Galicia non autoriza a creación do paseo fluvial río Tambre

O Concello de Oroso lamenta que Augas de Galicia non autorice o proxecto de acondicionamento do paseo fluvial e mellora da marxe dereita do río Tambre, pese a contar co informe favorable do Servizo de Conservación da Natureza. O alcalde Manuel Mirás non entende "como é posible que Augas de Galicia só nos permite rozar o que non é máis ca un carreiro cheo de lama e sen firme ningún pero impida facer as pasarelas peonís, o que na práctica impide facer o paseo fluvial". O proxecto do Concello contemplaba 3 actuacións: a roza do paseo, a reparación do firme e a colocación de dúas pasarelas de madeira para salvar dous regatos. O Servizo de Conservación da Natureza emitiu informe favorable con varias recomendacións "coherentes e que xa estaban contempladas no proxecto ou eran moi doadas de implementar. O que vemos é que Augas de Galicia", apunta Manuel Mirás, quen se pregunta "que tipo de paseo fluvial pretende Augas de Galicia que fagamos se non nos permite colocar as pasarelas para poder facer unha senda continua?. Acaso esperan que a xente brinque por riba dos regatos? Porque o de 4 metros aínda haberá quen o supere pero o de 8 é algo máis complicado". O alcalde lamenta que "Augas de Galicia non autorice un proxecto que poría en valor para a veciñanza unha zona de gran beleza natural" e amosa a súa sorpresa por que esa entidade ignore os informes técnicos e prefira siga as alegacións dun dos veciños que publicamente máis reclamou esta obra, pero que despois en privado se opuxo a ela. "Non sei como o vai xustificar diante do seus conveciños", indica Mirás.



A Xunta impide facer un paseo fluvial á beira do Tambre

## Convocada a segunda edición do Concurso de Escaparates de Nadal



Tras o éxito acadado o ano pasado, o Concello de Oroso vén de abrir o prazo de inscrición no segundo concurso de escaparates de Nadal, que se desenvolverá entre o 15 de decembro e o 7 de xaneiro e no que se repartirán 600 euros en premios. Aqueles establecementos comerciais que desexen participar no certame deberán anotarse antes do 15 de decembro no Rexistro do Concello. A concelleira de Comercio, Vanesa Boo, explica que "o obxectivo deste concurso é premiar o esforzo dos nosos comerciantes no coidado da imaxe dos seus establecementos e incentivar as compras no municipio, sobre todo no Nadal". Ademais, tamén se abrirá unha votación en Facebook para que os internautas elixan o mellor escaparate, que velará unha cea para dúas persoas ao igual que un dos votantes en Facebook.



Máis dun cento de persoas encheron o centro cultural para arroupar a Ignacio Pereiro, veciño de Porto Chao, na presentación da súa primeira novela: "La leyenda de... (Parte 1). La espada de Orec", canda o alcalde Manuel Mirás e o concelleiro de Cultura, Luís Rey.



Gran éxito do VI Campionato de Patinaxe Artística do Club Patín Oroso, que reuniu a centos de deportistas no polideportivo de Sigüeiro e que contou coas exhibicións de dous campións de España e unha campioa de Europa. Ademais, uníronse ao "Oroso en negro".



O Concello de Oroso vén de adquirir unha vintena de imaxes aéreas do municipio, realizadas por Aerosar Imágenes Aéreas, coas que organizará en próximas datas unha exposición fotográfica no centro cultural canda outras imaxes aéreas dos anos noventa.



## Oroso tinguíuse de negro contra a violencia machista



O Concello de Oroso participou activamente no II Fórum do Camiño de Santiago Faiway, onde deu a coñecer o traballo realizado para promover o Camiño Inglés e onde o concelleiro de Turismo, Antonio Leira, moderou unha das mesas de debate do certame.



A cadete Sara Soneira, do Club de Taekwondo Boudsport, gañou a medalla de ouro no Campionato Internacional de Pontevedra. A deportista orosá chega en forma ao Campionato de España de Clubs 2017, que terá lugar en Castellón do 8 a 10 de decembro.



A segunda edición dos Bocados de Outono ofreceu a posibilidade á veciñanza de saborear ricas tapas elaboradas con produtos de tempada en oito locais de Sigüeiro. Este ano contamos ademais co acompañamento musical de Argalleiros, Música Tradicional. Grazas a todos/as.